



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Campaña de Renda 2009

Na reunión de hoxe, a AEAT entregounos a "proposta secreta" da Renda para esta campaña. Deberon darlle moitas voltas, pois a primeira hora da mañá entregáronnos unha parte do documento, e unha vez comezada a reunión, as táboas coas retribucións dos participantes na campaña. Non sabemos a que vén tanto misterio cando a proposta é case calcada á de hai dúas campañas.

Entre outros, os aspectos máis salientables son:

- As retribucións seguen sendo as mesmas que as da campaña do 2007 (non recollen a suba do IPC destes dous anos). É o que se chama coloquialmente "tarifa plana", sempre se cobra igual...

- Incúmprese o Acordo de Calendario Laboral, ao establecer, pola mañá xornadas de atención ao público de 5 horas e media

- Establece a posibilidade de prorratear, polas mañás, as retribucións dos que participan na campaña. Iso sí, non di nada respecto aos compañeiros que, non participando na Campaña, ven incrementado o seu volumen de traballo neste período.

- Recóllese unha "alternativa moi sospeitosa" ao establecer a posibilidade de compensar o exceso horario con tempo libre (ver páxina 6 da proposta). Ao ver tal cousa preguntámonos: ¿será que non teñen pensado pagar os excesos horarios? ¿a onde van eses cartos?

- Non informan nada respecto aos horarios que se farán durante a Campaña, polo que imaginamos que cada Delegado fará as cousas á súa maneira. Moito nos tememos tamén que haberá un recorte importante nas tardes e nos sábados.

Está claro que a AEAT está disposta a sacrificar aos seus traballadores pois saben que a Campaña de Renda sairá adiante, pase o que pase. Tamén vemos que lles importa ben pouco que haxa ou non consenso coa parte social, nin ter en conta as nosas propostas. Tal e como están as cousas, estamos a pensar que non hai acordo posible.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

**WWW.CIGAEAT.COM**